

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL CELEBRADA O DÍA 3 DE FEBREIRO DO 2026.-

ASISTENTES:

ALCALDE: D. Francisco Quintela Requeijo

CONCELLEIROS/A: D^a. María Yolanda Valiño Pena, D. Francisco Manuel Crespo Gómez, D^a. Mónica Álvarez Martínez, D. Jorge Boado Presas, D^a Pura Ferreño Saia, D. José Manuel Vara García.

SECRETARIO: D. David Veiga Sierra.

XUSTIFICOU A SÚA NON ASISTENCIA: D. Juan Carlos García Barreiro, D. Pablo Bugía López

Na Casa do Concello de Coirós, sendo as catorce horas e cinco minutos do día tres de febreiro de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, reúnese o Pleno da Corporación Municipal, presidido polo Sr. Alcalde e coa asistencia das persoas que máis arriba se relacionan.

Comprobada a existencia de quorum dase inicio á sesión plenaria coa seguinte Orde do día

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN

Sometida a votación a urxencia da sesión, resulta ratificada por unanimidade dos membros presentes, continuando coa Orde do día.

2.- APROBACIÓN SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN POS+ 2026 E PROXECTOS POS+ 2026 COMPLEMENTARIO.

Por parte do Sr. Alcalde expónse que é preciso aprobar a solicitude do POS+ 2026 , así como aprobar os proxectos que se van a incluír no POS+ 2026 Complementario.

En vista do exposto, propónse ao Pleno, para a súa votación e aprobación, o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2026” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2026” e con cargo á “achega provincial 2025”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2026:

	Deputación
Achega provincial 2026 aplicada ao financiamento de gastos correntes	164.442,37 €
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	174.408,57 €
Subtotal gasto corrente	338.850,94 €

C) Resumo:

POS+ 2026 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2026	164.442,37				164.442,37
	Achega 2025	174.408,57				174.408,57
B- INVESTIMENTOS	Achega 2026					
	Achega 2025					
C- TOTAL	Achega 2026					164.442,37
	Achega 2025					174.408,57
	TOTAL					338.850,94

SEGUNDO. Aprobar o Plan Complementario do ano 2026 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2026)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzament o subvencio nable (Diferenza entre a columna A e a B)
MELLORA PARQUE FONTELO	71.539,47 €		71.539,47 €
TOTAIS	71.539,47 €		71.539,47 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2026 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Sometido a votación, o acordo resulta aprobado por 5 votos a favor (PP) e 2 abstencións (BNG e PSOE).

Así mesmo, polo Sr. Alcalde dase conta da comunicación de participación no POS+ Adicional 3/2026, que se aplica á redución de débeda coa Deputación Provincial de A Coruña pola utilización de préstamo provincial do Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 e 2016 e Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan único de concellos (POS+) 2017 a 2023.

O importe asignado para este Plan Adicional é de 52.272,46 €

Dado que o importe que se aplica para a compensación da débeda é inferior ao asignado no POS+ Adicional 3/2026, polo Sr. Alcalde se propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 3/2026” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

Financiamento de gastos correntes:

(17 concellos indicados na base 14.3)

Gastos correntes 2026

Asignación aplicada

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes

7.524,77 €

2.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Sometido a votación, resulta aprobado por 5 votos a favor (PP) e 2 abstencións (BNG e PSOE).

3. ADXUDICACIÓN CONTRATO SUMINISTRO ENERXÍA ELÉCTRICA.

Vista a acta da sesión número 2 da mesa de contratación do expediente 2025/C005/000002, “Suministro de enerxía eléctrica a os centros de consumo pertencentes ao concello de Coirós”, Proponse ao Pleno da Corporación para o seu debate e votación, o seguinte acordo

1. Adxudicar o contrato á empresa IBERDROLA CLIENTES S.A.U, con NIF A95758389, por ser a oferta admitida con mellor puntuación (95 puntos) según os criterios de adxudicación especificados no PCAP e conforme ao informe técnico de valoración solicitado a D. Iago Pedreira Bestilleiro, por un importe de 126.973,74 €.

2. Autorizar ao Sr. Alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo.

3. Notificar a adxudicación aos licitadores.

4. Notificar este acordo aos departamentos de Intervención e Tesourería.

Sometido a votación, resulta aprobado por 5 votos a favor (PP) e 2 abstencións (BNG e PSOE)

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as catorce horas e dez minutos, do que eu como Secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO